

Compostela a 5 de xullo de 2007

Recibidas as propostas das diferentes organizacións sindicais e empresariais do ensino privado concertado, analizada a situación e as posibilidades de actuación no presente ano 2007, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera necesario presentar as bases dun **P R E A C O R D O** que permita poñer un punto e seguido a diferentes temas.

Deste xeito a Consellería propón as organizacións sindicais e empresarias os seguintes puntos que estarán vixentes a partir do 1 de setembro de 2007. As medidas acordadas estarían suxeitas a ratificación no Consello da Xunta e no caso de que esta ratificación fose posterior ao 1 de setembro as medidas terían efectos retroactivos desde a data do 1 de setembro.

As medidas que se propoñen son:

1º.- Acordo sobre a acumulación das horas de lactación.

2º.- Acordo sobre o aboamento das substitucións do profesorado en pago delegado durante os meses de xullo e agosto (véxase no anexo texto do acordo).

3º.- Revisión do módulo de persoal complementario aplicable as unidades concertadas con alumnado autista ou alumnado con problemas graves de personalidade (véxase no anexo texto do acordo).

4º.- Aplicación progresiva da equiparación salarial dos licenciados que imparten ensinanzas en 1º e 2º curso da Educación Secundaria Obrigatoria cos que imparten ensinanzas no resto dos cursos da ESO. Esta equiparación progresiva que se establece durante os catro anos do 2007 ao 2010 terá efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2007.

5º.- A partir do 1 de setembro de 2007, co obxecto de atender á organización da xornada escolar e avanzar na reorganización da xornada de traballo dos docentes do ensino concertado, a Consellería de Educación e O. U. incrementará o cadro de persoal docente e complementario da seguinte forma: na educación infantil 1,5 horas semanais (ratio 1:1,06); na educación especial 2 horas semanais (ratio 1:1,08). As organizacións sindicais e empresariais acordarán que durante o curso 2007-08 reducirán a carga lectiva do profesorado, sempre que sexa posible, nunha hora semanal.

6º.- A Consellería de Educación e O. U. abonará unha paga complementaria, de carácter único e non consolidable en proporción ás horas lectivas en pago delegado durante o ano 2006, a todo o profesorado da ensinanza concertada por un importe de 125 € para a xornada completa e proporcional ás horas en pago delegado para as xornadas non completas. A data de aboamento desta paga estará suxeita ás dispoñibilidades orzamentarias.

7º.- No mes de outubro a CTEPC retomarará os termos deste preacordo para engadir os aspectos referidos ao incremento do Complemento Retributivo da Comunidade Autónoma que tenda a

posibilitar a equiparación gradual da súa remuneración coa do profesorado público das respectivas etapas.

8º.- As medidas do presente preacordo que se refiran a un financiamento adicional de dotación horaria reflectiranse mediante o incremento da ratio profesor/unidade establecida nas instrucións de pago delegado, vixentes á data da sinatura deste preacordo, e que poderá ser diferenciada nos casos necesarios.

9º.- Os incrementos de ratio que se sinalan no parágrafo anterior faranse, no seu caso, con cargo aos excesos de ratio con que contén os centros.

A DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Mª José Pérez Mariño